

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Parson, Lär, *A lingua das cantigas. Gramática do galego-portugués*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Manuais, n.º 11, setembro 2019, 200 pp. (ISBN: 978-84-9151-390-2).

Lär Parson ofrece un estudo sistemático da lingua que empregaban os trobadores peninsulares na composición poética entre finais do século XII e mediados do XIV. O libro acolle información referida tanto ao corpus da lírica profana galego-portuguesa (Cantigas de amor, Cantigas de amigo e Cantigas de escarnio e maldizer) como ao corpus da lírica relixiosa (*Cantigas de Santa María* de Afonso X, O Sabio).

Recensións:

- Henrique Monteagudo, “Lectura e comprensión das cantigas trobadorescas”, *Grial*, n.º 224, “O espello das letras”, outubro 2019, p. 108.

Henrique Monteagudo ofrece unha análise da obra *A lingua das cantigas. Gramática do galego-portugués*, de Lär Parson. Para isto, comeza sinalando que o libro se centra na poesía lírica, incluíndo o corpus de poesía profana e máis as *Cantigas de Santa María* de Afonso X. A continuación, prosegue explicando que comeza cun sintético encadramento histórico ao que segue un achegamento breve aos aspectos escriptográficos e posteriormente a descrición gramatical propiamente dita, cerna da obra. Para finalizar, Monteagudo destaca o enfoque sincrónico da obra, posto que dun ou doutro xeito sempre están implícitos os estadios de lingua anteriores e os posteriores.

Polín, Ricardo, *A Fortaleza medieval de Castro Verde*, Almería: Círculo Rojo, col. Novela, xullo 2019, 468 pp. (ISBN: 978-84133-16-56-7).

Este volume asinado por Ricardo Polín recolle a historia medieval do castelo de Castroverde, a súa vila natal. Ademais, inclúe lendas e referencias a documentos antigos da historia do castelo e da vila. O volume estrutúrase en vinte capítulos ao longo dos cales o autor nos vai guiando pola historia da fortaleza castroverdense. Así pois, tras o limiar que leva por título “O lamento das choias”, preséntanse as seguintes epígrafes: “A nobeza medieval en CASTRO VERDE, a súa Fortaleza e a ‘extensión territorial que dominaba en feudo”, “Os señores da ‘villa e fortaleza de Castroverde e tierra de Loazes”, “O conde Don Fadrique e a doazón de Castro Verde”, “Os Castro de Castro Verde: a soberbia da liñaxe e a represión anticlerical. (Alonso de Castro)”, “A creación de un vínculo familiar en Castro Verde. (Fernando de Castro e o seu morgado), “A residencia do castelo de Castro Verde na Guerra Irmandiña. (Carlos de Castro), “A consolidación do señorío de Castro Verde e da fundación mendicante da Nosa Señora de Vilabade. (Álvaro de Castro)”, “O declive sucesorio e a entrega da Fortaleza. (Isabel de Castro, ‘Señora do estado de Castro Verde’”, Inxerencias do conde de Monterrei e das da Igrexa lucense na casa de Castro Verde ‘con sus rentas y vasallos”, “Castroverde nas discordias dos Niño de Castro e a eterna disputa da igrexa polo control de Vilabade”, “A disputada venda de

Castro Verde e da Terra de Luaces. (Alonso Niño de Castro e as súas herdades galegas)”, “A anexión de Castro Verde e Luaces aos estados de Altamira (‘coa súa fortaleza, vasalos, xurisdición, artillaría e rendas’)”, “A modo de corolario sobre a presenza dos Castro de Lemos na Fortaleza”, “CASTRO VERDE na toponimia medieval (fundamenteos históricos, filolóxicos e documentais, con proposta de reparación do seu grafismo)”, “los mis lugares de Castro Verde son su Alfoz e tierra e toda tierra de Luases...”, “la antigua casa-castillo... un puño convulso y retador” e “vezios e conzejo de Luazes”. (A identidade territorial da Terra de Luaces no señorío de Castro Verde”, “Fortaleza de Castro Verde. (Rexistro técnico)”.

Referencias varias:

- V. R., “Polín reúne leyendas, documentos antiguos e historia de Castroverde en un libro”, *El Progreso*, “Feira de Artesanía”, “Castroverde”, “Orígenes”, 24 agosto 2019, p. 48.

Faise eco da publicación do volume, explicando que trata de recuperar a historiografía da fortaleza medieval de Castroverde.

XI.2. REEDICIÓNS

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

XI.3. ANTOLOXÍAS

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

XI.4. ACTAS

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

XI.5. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Paredes Núñez, Juan, *Alfonso X y otras escrituras del trovar*, Mercedes Brea (ed.) Santiago de Compostela: Servizo de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2019, 391 pp. (ISBN: 978-84-17595-19-7) ♦

Este volume recompila trinta traballos que Juan Paredes, catedrático de Filoloxía Románica da Unidversidade de Granada, foi elaborando ao longo dos seus anos como investigador arredor da obra do Rei Sabio. Os temas que abordan os textos dos que se compón o volume son variados, pois abrenghen eidos tan diversos como a edición textual, o estudo de aspectos históricos e lingüístico, as intertextualidades etc.; xa que logo, este libro, cuxa edición corre a cargo da catedrática Mercedes Brea, aporta unha visión nova que permite comprender mellor a obra de Afonso X no seu contexto e, con ela, o conxunto da produción trobadoresca.

Marcenaro, Simone, *La lingua dei trobadores: profilo storico-lingüistico della poesia galego-portoghese medievale*, Roma: Viella, col. I libri di Viella, n.º 305, xaneiro 2019, 210 pp. (ISBN:9788833130934)

Este manual, dirixido fundamentalmente a estudantes de filoloxía románica e de literatura galego-portuguesa, aborda a lingua na que se desenvolveu a nosa tradición literaria medieval. O volume consta de dúas partes: na primeira trátanse os trazos gramaticais históricos da lingua galego-portuguesa, prestando especial atención aos primeiros testemuños escritos; mentres que na segunda se ofrece unha análise sobre as variacións gráficas, fonéticas e morfolóxicas que se poden inferir da análise directa dos cancioneros.

González Martínez, Débora e Helena Bermúdez Sabel, *Humanidades digitales. Miradas hacia da Edad Media*, Berlín - Boston: De Gruyter, febreiro 2019, 259 pp. (ISBN: 978-3-11-058542-1)

Tal e como indica o título desta obra, ao longo das páxinas que a compoñen combínase dous intereses: as humanidades dixitais e os estudos medievais. O obxectivo do volume é dobre: por unha banda, búscase prestar atención e dar promoción ás investigacións que abranguen o período medieval (destacan neste sentido aquelas que se encadran no eido da Filoloxía, a Historia ou a Historia da Arte etc.) e, por outra banda, procúrase atender ás humanidades dixitais, pois considérase conveniente reflexionar sobre como a evolución tecnolóxica propiciou unha transformación na maneira de concibir e dar desenvolvemento a proxectos, divulgar os resultados e, mesmo, poñer en relación as investigacións das diferentes disciplinas humanísticas.

Tomassetti, Isabella (coord.), *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico. Volumen I*, San Millán de la Cogolla: CiLengua, col. Milselánea ILT, n.º 10, 2019, 1 000 pp. (ISBN: 978-84-17107-86-4)

Os dous tomos dos que se compón esta publicación recollen 130 artigos que abranguen unha gran variedade de temas e presentan un notábel abano de metodoloxías e aproximacións críticas. Para facilitar a apreciación dunha materia tan multiforme, a obra estrutúrase en oito seccións de acordo con criterios temáticos e de pertinencia xenérica. Neste primeiro volume, inclúense os apartados “I. Épica y romancero”, “II. Historiografía y cronística”, “III. Lírica trovadoresca”, “IV. Poesía religiosa y didáctica” e “V. Prosa literaria, didactismo y erudición”,

_____, *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico. Volumen II*, San Millán de la Cogolla: CiLengua, col. Milselánea ILT, n.º 10, 2019, 784 pp. (ISBN: 978-84-17107-87-1)

Os dous tomos dos que se compón esta publicación recollen 130 artigos que abranguen unha gran variedade de temas e presentan un notábel abano de metodoloxías e aproximacións críticas. Para facilitar a apreciación dunha materia tan multiforme, a obra estrutúrase en oito seccións de acordo con criterios temáticos e de pertinencia xenérica. Neste primeiro volume, inclúense os apartados “VI. Lírica bajomedieval y pervivencias”, “VII. Prosa de Ficción” e “VIII. Metodoloxías y perspectivas”.

Lacarra, María Jesús, *Literatura medieval hispánica. Libros, lectura y reescrituras*, San Millán de la Cogolla: CiLengua, col. Milselánea ILT, n.º 13, 2019, 1 136 pp. (ISBN: 978-84-17107-95-6)

Este volume reúne máis de sesenta estudos que abordan a produción literaria medieval nos dominios románicos da Península Ibérica, pero sen esquecer as fontes clásicas, os contactos con outras tradicións ou os intercambios culturais de máis amplas fronteiras. Xa que logo, nesta publicación non só están representadas as obras que conforman o canon comunmente aceptado, senón tamén un bo número de outras creacións que explican de xeito cabal o discurso letrado da época. A obra atende fundamentalmente á proxección dos textos no seu tempo, destacando aspectos relacionados coa difusión que iluminan os modos que se perpetúan até a actualidade. Conta con estudos de Frédéric Alchabali, Alberto Alonso Guardo, Carlos Alvar Ezquerro, Pedro Álvarez Cifuentes, Nuria Aranda García, Carmen Elena Armijo Canto, Isabel de Barros Dias, Vicenç Beltran, Hugo Oscar Bizzarri, Anna Bognolo, María Bosch Moreno, Mario Martín Botero García, Mariano de la Campa Gutiérrez, Axayácatl Campos García-Rojas, Daniel Gutiérrez Trápaga, Irene Capdevila Arrizabalaga, Sofía M. Carrizo Rueda, Antonio M. Contreras Martín, Lourdes Soriano Robles, María Pilar Couceiro, Natacha Crocoll, María Luzdivina Cuesta Torre, Paloma Díaz Mas, María Díez Yáñez, Enric Dolz Ferrer, Virginie Dumanoir, Alberto Escalante Varona, Anita Fabiani, Manuela Faccon, Rafael Fernández Muñoz, Mercedes Fernández Valladares, M^a do Rosário Ferreira, Elvira Fidalgo Francisco, Yara Frateschi Vieira, Fernando Gómez Redondo, Sergio Guadalajara Salmerón, Daniel Gutiérrez Trápaga, Alejandro Higashi, Jezabel Koch, Gaetano Lalomia, Paola Laskaris, Francisco J. Lobera Serrano, Karla Xiomara Luna Mariscal, Salvatore Luongo, Pedro Mármol Ávila, José Julio Martín Romero, Josep Lluís Martos Sánchez, María Teresa Miaja de la Peña, José Carlos Ribeiro Miranda, Pedro Monteiro, María Isabel Morán Cabanas, Carlos Mota Placencia, Andrea Nate, Manuel Negri, Stefano Neri, Yoshinori Ogawa, Juan Salvador Paredes Núñez, Rachel Peled Cuartas, Martina Pérez Martínez Barona, Marco Petralia, Francisco Pedro Pla Colomer, Santiago Vicente Llavata, María Ana Ramos,

Irene Rincón Narros, María Rodríguez García, Rafael Rodríguez Victoria, Joseph Thomas Snow, Barry Taylor, Isabella Tomassetti, Ángela Torralba Ruberte, María Cristina Trincado Sabín, Joaquim Ventura, Ana Elvira Vilchis Barrera e Carina Zubillaga.

XI.6. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Alienni, Simona, “Das particularidades de tradución das versións ibéricas de *Merlín* e da súa suite”, *Revista Galega de Filoloxía*, n.º 20, 2019, pp. 11-33-

Simona Alienni desenvolve neste traballo unha análise comparativa entre as distintas versións da historia de Merlín da Península Ibérica. Para isto, toma como instrumentos de análise o texto galego-portugués (ms. 2434, BC) e os españois (Salamanca, 1469; Burgos, 1498; Sevilla, 1535), en paralelo cos correspondentes franceses (de. A. Micha, de. O Sommer, de. G. Paris & J. Ulrich, ed. G. Roussineau). Debido ao carácter fragmentario tanto das versións francesas como das ibéricas, a análise que se presenta baséase soamente nas narrativas comúns e, en base a elas obsérvanse algunhas particularidades textuais resultantes do proceso de tradución.

Araguas, Vicente, “Esquíó, tan lonxe, tan moderno”, *Olga. Revista de poesía galega en Madrid*, n.º 7, xuño 2019, pp. 27-30.

Neste breve artigo, Vicente Araguas recupera a figura do trobador medieval Fernando Esquíó e tece distintas liñas intertextuais con poetas e narradores posteriores pertencentes á tradición galega e a outras tradicións literarias.

Cousillas Pena, Paula, “Fernando Esquíó: un tempo, unha terra”, *Olga. Revista de poesía galega en Madrid*, n.º 7, xuño 2019, pp. 43-56.

Paula Cousillas Pena aborda neste estudo a figura e a produción literaria de Fernando Esquíó. Comeza sinalando as dificultades que comporta o estudo do período medieval, debido á falta de documentación histórica e deténdose nas distintas polémicas que se teñen creado arredor da figura do propio Esquíó, para despois pasar a presentar unha análise temática das súas cantigas.

Larson, Pär, “Dalla fucina di Universo Cantigas (II): Considerazioni sul refran di ‘Punhei en mui’en me quitar’ di Fernan Garcia Esgaravunha (UC 226)”, *Revista Galega de Filoloxía*, n.º 20, pp. 151-158.

Artigo no que analiza e amosa como a cantiga de refrán “Puhei en muit’en me quitar” do trobador Fernan Garcia Esvaragunha se debe considerar como trilingüe en galego-portugués, occitano e francés.

García López, Xoán A., “A un imaxinario poeta medieval”, *Olga. Revista de poesía galega en Madrid*, n.º 7, xuño 2019, pp. 31-34.

Xoán A. García López lembra neste a breve artigo a Neda medieval (e a poesía medieval) comparándoa coa Neda da actualidade, ao tempo que reflexiona sobre a creación literaria e a inmortalidade da poesía.

Monteagudo, Henrique, “Adeus a Giulia Lanciani e Guiseppe Tavani”, *Grial*, n.º 221, “O rego da cultura”, 2019, p. 11.

Faise eco do pasamento de dúas figuras dos estudos da lírica trobadoresca galeo-portuguesa: Giulia Lanciana e Guiseppe Tavani, lembrando as súas publicacións e traducións realizadas.

Pérez, Lucía, “Fernando Esquío”, *Olga. Revista de poesía galega en Madrid*, n.º 7, xuño 2019, pp. 35-36.

Lucía Pérez presenta neste breve artigo unha de reflexión sobre a figura de Fernando Esquío, empregando a primeira persoa para elaborar unha especie de reflexión *post mortem* a través da voz do trobador medieval.

Pichel, Ricardo, “O maldizer e o universo artúrico en Esquio”, *Olga. Revista de poesía galega en Madrid*, n.º 7, xuño 2019, pp. 57-67.

Ricardo Pichel aborda neste artigo a produción satírico-burlesca de Fernando Esquío (tres cantigas de escarnio e maldizer) e reflexiona sobre a o contexto literario que xustifica a aparición nunha das súas cantigas de mestría dunha interesante alusión ao universo artúrico da Materia de Bretaña.

Roibó, Carmen, “Fernando Esquío para un docente do I.E.S. Fernando Esquío”, *Olga. Revista de poesía galega en Madrid*, n.º 7, xuño 2019, pp. 37-42.

Neste artigo, Carmen Roibó reflexiona sobre o que significa para un docente do instituto Fernando Esquío (Neda) a figura do propio Fernando Esquío. Para isto, comeza sinalando a importancia dos nomes que se lle outorgan aos centros de ensino, continúa expoñendo algunhas situacións nas que a partir do nome do seu IES distintas persoas sentiron a curiosidade de achegarse á poesía do autor e remata presentando unha situación de aula relacionada co propio Esquío.

XI.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Picallo, Héitor, **Pedreira**, Emma, “Maldoadas flores na Armenteira. A sepultura de María Xiráldez”, *Sermos Galiza*, n.º 335, “*Caderno de análise*”, n.º 212, “A Fondo”, 21 febreiro 2019, pp. 2-4.

Artigo no que rescatan a figura de María Xiráldez, muller que ficaba á sombra do seu marido Paio Gómez Chariño. Presentan unha investigación na que repasan a súa traxectoria vital, dende os seus devanceiros ata o seu pasamento. Reproducen versos de Paio Gómez Chariño, “[de amor]” e “[de maldizer]”.

XI.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS

Barreiro, Xacinto. **Jiménez**, Cirpiano, “O Vindel, de novo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 14 marzo 2019, p. 23.

Un ano despois de que o Pegamiño Vindel se fora de Galicia, logo de vir ás exposicións de Vigo durante un tempo, os autores manifestan a súa desaprobación con todo o acontecido naquel momento.

Burgoa, Juan José, “Fernando Esquíu Trovador galaico-portugués”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 29 setembro 2019, p. 9.

Artigo sobre o trovador Fernando Esquíu no que reproduce unha das súas cantigas de escarnio e fai alusión á catiga de amor “Que me queres, amor?”. Salienta que estudiosos como Ricardo Carvalho Calero consideraban que puido ter pertencido á antiga familia Esquíu, con propiedades na comarca de Ferrol.

Canedo, Cibrán, “La sombra del castaño en el tiempo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitado especial”, 17 febreiro 2019, p. 39.

Faise eco da presentación no Museo Valle-Inclán de A Pobra do Caramiñal o 22 de febreiro ás 20.30 horas do libro *No medievo, castañas e castiñeiros como recursos económicos* (2018), de Héitor Picallo Fuentes.

Caramés Viéitez, Luis, “Los economistas con Citroën”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Apuntes”, 30 xaneiro 2019, p. 3.

Recolle brevemente a historia da creación da empresa automobilística Citroën a propósito da concesión do recentemente creado premio do Consello Galego á fabrica radicada en Vigo. Informa que no acto de entrega do premio participaron numerosas personalidades da política e da economía, con especial atención a Ignacio Bueno, novo director da planta de Vigo. Co gallo da chegada de Bueno a Vigo fai alusión ao verso “ondas do mar de Vigo” pertencente a unha cantiga de Martín Códax, para suxerir que o novo director de Citroën pode relaxarse contemplando a ría e as illas Cíes.

Celeiro, Luís, “Martín de Padrozelos”, *El Correo Gallego*, p. 4/ *La Región*, p. 32, “Opinión”, “Tía Manuela”, 13 novembro 2019.

Recolle información sobre Martín de Padrozelos, o trovador que, segundo os investigadores Xulio Pardo de Neyra e Dulce Fernández Graña, deixou as primeiras cantigas coñecidas na lingua galega, das que nove son cantigas de amigo e unha de amor. Tamén apunta o feito de que se está a elaborar un documental que subliña e salienta os andares da lírica de Martín de Pradozelo, e que o grupo musical A Quenlla, con Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero) á cabeza, puxo música ás dez cantigas deste autor,

para presentalas nun CD e axudar á recuperación e á valorización da literatura galega medieval.

_____, “Orgullo de pertenza”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25 / *El Progreso*, “Opinión”, p. 27, “Tía Manuela”, 3 decembro 2019.

Reflexiona sobre os elementos que forman parte da identidade galega e os procesos históricos que os foron conformando para sinalar que o Camiño de Santiago é símbolo ou parte desa identidade e na súa contorna medraron outros sinais, indicando que un deles é o marcado pola lírica galega que comeza, a principios do século XII, coa pluma caligráfica de Martín de Padrozelos, un trobador que os investigadores identifican como o primeiro da historia literaria de Galicia.

Dacosta, Henrique, “Binormativismo, unha opción de futuro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1090, 2 xuño 2019, p. 36.

Conta as similitudes e diferenzas entre o galego e o portugués e explica por que son idiomas distintos e teñen que seguir coexistindo os dous.

Felipe Senén, “Arredor das tradicións festivas do Corpus”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 16 xuño 2019, p. 28.

O autor explica as tradicións do Corpus Christi, poñendo Santiago de Compostela como referente nesta tradición, e o feito de que cada poboación celebre estas tradicións á súa maneira. Ao final do texto, menciona o libro *O Principiño*, de Antoine de Saint Exupéry, que fala sobre este rito.

Freixanes, Víctor F., “Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 24 marzo 2019, p. 19.

Amosa o seu pesar polo pasamento de Giuseppe Tavani e lembra a súa traxectoria e as súas achegas ao ámbito da filoloxía galego-portuguesa: as edicións da poesía de Lourenço (1964) e Airas Nunez (1963), o *Repertorio metrico della poesia lirica galego-portoghese* (1967), o *Diccionario de Literatura Medieval Galego-Portuguesa* e *A poesía lírica galego-portuguesa* (1980).

García, Montse, “Héitor Picallo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Publicaciones”, 25 xaneiro 2019, p. L7.

Indica que Héitor Picallo presentará na librería Couceiro o libro *No Medievo, castañas e castiñeiros como recursos económicos* (2018), acompañado de Maka Arca Camba, Damián Porto e Manuel López.

Gil, Adolfo, “Sepulcros blanqueados”, *La Opinión*, “Opinión”, “La feliz gobernación”, 26 febreiro 2019, p. 23.

O autor menciona os distintos tipos de relacións existentes no mundo laico e no mundo relixioso, poñendo sobre a mesa os abusos sexuais que ocorreron no Vaticano por parte dos clérigos, o amor cortés, opinións dalgúns clérigos e como se condenaba este acto, entre outros.

Méndez Ferrín, X. L., “Brouhaha”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 4 marzo 2019, p. 15.

Explica o significado da palabra “Brouhaba” e emprégaa en diferentes contextos.

_____, “Ianua Coeli”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 15 abril 2019, p. 13.

Fai alusión ás cantigas de Santa María, escritas por Alfonso X o Sabio, no marco dun artigo no que, a partir dunha entrevista realizada por Jordi Évole ao Papa Francisco, reflexiona sobre o papel da muller no seo igrexa Católica.

_____, “A cuestión vertebral”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida” 14 xuño 2019, p. 25.

Versa sobre o Camiño de Santiago, facendo fincapé en todos os camiños que existen de peregrinación ata a cidade, parecéndose aos camiños que recorren os musulmáns para ir á Meca. Algúns políticos aseguran que o Camiño de Santiago vertebrou Europa, mais o autor non está de acordo e emprega como exemplo as Cantigas de Amigo e as Cantigas de Santa María, onde Santiago ten pouca presenza e outros lugares de peregrinación, como Roma, si a teñen.

_____, “As constantes literarias de Galicia: feminismo, viaxe e transgresión radical (III)”, *Faro de Vigo*, “el sábado”, n.º 1.149, “No fondo dos espellos”, 7 decembro 2019, p. 4.

Artigo sobre literatura medieval no que se fai alusión ao relato *O Bendito San Amaro*, que segundo afirma Méndez Ferrín, Ramón Cabanillas “debeu de apañar de beizos populares, á Cántiga CIII de Afonso o Sabio.

Pena, Xosé Ramón, “No adeus a Giuseppe Tavani”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “De bolina”, 30 marzo 2019, p. 22-23.

Co gallo do pasamento de Giuseppe Tavani fai un repaso das contribucións que este profesor fixo no eido da lírica medieval galego-portuguesa. Sinala como achegas imprescindíbeis as modélicas edicións da poesía de Lourenço (1964) e Airas Nunez (1963; esta revisada, en galego, en 1992), o *Repertorio metrico della poesia lirica galego-portoghese* (1967), o *Dicionário da Literatura Medieval Galego-Portuguesa* (1993, co-dirixido con Giulia Lanciani) ou *A poesia lírica galego-portuguesa* (1980, vertida ao noso idioma en 1985).

Santonja, Gonzalo, “Alfonso X y el toro bravo”, *ABC*, “La tercera”, 30 maio 2019, p. 3.

Relaciona a Afonso X e as cantigas de Santa María con Miguel Hernández, poeta do século XX, para falar sobre a tauromaquia.

Senén, Felipe, “O ‘Libro de Santiago’ pra asentar as raiceiras da cultura galega”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 28 xullo 2019, p. 22.

Versa sobre *El libro de Santiago*, editado pola Editora Nacional en Madrid no Ano Santo de 1948 e indica que os libros base para esta publicación son o *Códice Calixtino*, os *Códices Composteláns* e o *Libro dos Cambiadores*.

Vázquez Monxardín, Afonso, “O Etna e nós”, *La Región*, “Opinión”, 8 xaneiro 2019, p. 25.

A propósito de falar sobre o volcán Etna, salienta que “nesa marabilla que son as ‘Cantigas de Santa María’, hai unha, a número 307 que relata un milagre acontecido alá”. Deseguido, reproduce os versos desta.

_____, “Holocausto e futuro...”, *La Región*, “Opinión”, 26 xaneiro 2019, p. 30.

Nun artigo con motivo do día internacional do holocausto do pobo xudeu, menciona a publicación de Ferro Couselo, *A vida e fala dos devanceiros* (1996).

_____, “A intranscendencia da verdade”, *La Región*, “Opinión”, 16 febreiro 2019, p. 31.

Artigo sobre a verdade na actualidade no que amenta ao trobador Airas Nunes, que xa no século XIII se laiaba que no mundo a verdade ía decrecendo. Por este motivo, saíra na súa procura e preguntara por ela en mosteiros e pousadas de peregrinos en Santiago de Compostela, sen dar con información algunha.

_____, “En busca do seu Thich Quang Duc”, *La Región*, “Opinión”, 29 outubro 2019, p. 30.

Nun artigo sobre a creación de mártires en determinadas causas apela aos seus protagonistas para contarlles que o poeta galego Paio Gomez Chariño advertiu, xa a mediados do século XIII, da necesidade de morrer de amor cando di que á dama “nunca lle tan ben podo facer servizo morto, como se viver”.

XI.9. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

XI.10. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Cherres, Cinthia, “Galicia exhibirá dos joyas de la biblioteca vaticana en noviembre”, *ABC*, “Santiago”, 13 junio 2019, p. 65.

Recolle información sobre a exposición no Museo do Centro Gaiás, dentro do programa do Xacobeo 2021, onde se traerán dende Roma o *Códice Calixtino* e o *Cancionero da Vaticana*, dúas xoias da Biblioteca Vaticana que forman parte dunha colección simbólica e histórica importante para Galicia.

Deaño, Carlos, “Peregrinación real póstuma”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 abril 2019, p. 16.

Afonso XI ía visitar Santiago de Compostela para ofrecer ao Apóstolo Santiago a cidade de Mérida, recién conquistada, mais faleceu en Sarria. O seu corpo trasladouse para enterralo na Catedral. No texto, contan algunhas fazañas do Rei e a súa relación con Santiago de Compostela. Explicanse tamén algunhas tradicións que seguían os peregrinos.

ECG, “Libro sobre os castiñeiros como recurso económico”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 xaneiro 2019, p. 39.

Informa da presentación na librería Couceiro do libro *No medievo, castañas e castiñeiros como recursos económicos*, de Héitor Picallo, nun acto no que o autor estará acompañado de Maka Arca Camba, Damián Porto e Manuel López.

_____, “Nuevo ‘Roteiro Virtual da Lírica Medieval’ por la ciudad de Compostela”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 abril 2019, p. 26.

Explica a nova iniciativa do Grupo Grall (Grupo de Análise de Aspectos Lingüísticos e Literarios de Lusofonía), o *Roteiro Virtual da Lírica Medieval*, un mapa artístico da cidade onde aparecen marcados puntos específicos referentes aos trobadores e xogares. O mapa realizouse especialmente para este proxecto da man de María Meijide.

Fraga, Xesús, “Idade Media e música popular danse a man no debut de Manseliña”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 abril 2019, p. 31.

Manseliña é un grupo de música que inspira as súas cancións na Idade Media, tanto polas letras das cancións, como polos instrumentos utilizados. Descríbense algúns exemplos de cancións para poder ver que o seu repertorio vai dende as cantigas de Santa María de Afonso X até as cantigas de amigo de Martín Códax.

García, Eva, “Juan Aguirre. ‘No me imagino la música sin evolución’”, *Faro de Vigo*, 6 setembro 2019/ *La Opinión*, 7 setembro 2019, contracuberta.

Entrevista a Juan Aguirre, músico e membro de Amaral na que fala do último disco, que contén un tema do trobador Martín Codax, *Ondas do mar de Vigo*. O músico comenta que ten moitos amigos en Galicia e que Galicia e Aragón teñen moitas cousas en común.

Gil, Francisco J., “Galicia, contada a través de 320 piezas únicas”, *Atlántico Diario*, “Galicia”, 8 decembro 2019, pp. 26-27.

Nun artigo sobre a exposición que ofrece o Museo do Gaiás, amenta que o cancionero da Biblioteca Vaticana será exposto en Galicia por primeira vez. Salienta que nel se reúnen 1200 cantigas da lírica galego portuguesa medieval, sendo o corpus literario en lingua romance máis importante do seu tempo.

Gómez, Joel, “La lírica medieval gallega promueve riqueza y mantiene aún incógnitas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 22 abril 2019, p. L4.

Nalgúns municipios de A Coruña teñen referencias relacionadas coa lírica medieval galega. En Santiago de Compostela, por exemplo, elaborouse unha ruta de trobadores que mencionan Santiago ou que están relacionados coa cidade por motivos biográficos. Este estudo foi realizado en 2012 por Yara Frateschi Vieira, José Antonio Souto Cabo e María Isabel Morán Cabanas.

L. P., “Un foro rescata a Martín de Padrocelos, ‘a primeira voz lírica galega do medievo’”, *El Progreso*, “Sarria”, 1 decembro 2019, p. 24.

Artigo sobre Marín de Madrocelos, a quen, en palabras de Xosé María García Palmeiro, presidente a Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago, define como a “primeira voz lírica do galego do medievo”.

Mandianes, Manuel, “El Camino, el ‘Codex Calixtinus’ y Europa”, *El Mundo*, “Otras voces”, 25 xullo 2019, p. 15.

O autor explica a historia do Camiño de Santiago, como naceu e a orixe da festividade de Santiago Apóstolo.

Montero, Tamara, “La inspiración medieval de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2019, p. 38.

Informa dun congreso sobre cultura medieval á luz das novas tecnoloxías onde o profesor Antoni Rossell explica como se pode ensinar literatura medieval aos mozos. Pon de exemplo, entre outros, á cantante catalá Rosalía, que se basea nunha novela do século XIII para as súas cancións.

Ocampo, E., “El ‘Liber Sancti Iacobi’ y el ‘Cancionero de la Vaticana’ llega por primera vez a Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 xuño 2019, p. 44.

Informa da exhibición por primeira vez no Museo Centro Gaiás de dúas pezas de alto valor simbólico para Galicia: o Códice Calixtino e o Cancioneiro da Vaticana. Achega información sobre os códices e a súa relevancia.

Penela Martín, Carlos, “Von Harff en Compostela. Unha crónica tardo-medieval única (II)”, *Sermos Galiza*, n.º 350, “fóradeserie”, “notas do mar levado”, 13 xuño 2019, p. 6.

Segunda parte de *Von Harff en Compostela. Unha crónica tardo-medieval única*, onde relatan a aventura do cabaleiro alemán en 1946 dende Europa central ata Terra Santa. Na segunda parte describenos a pasaxe onde Von Harff relata as súas impresións sobre Compostela e ofrécennos a tradución ao galego.

Pertierra, Tino, “El robo del ‘Códice Calixtino’: unha intriga entre odios y lucha de poder”, *La Opinión*, “El Domingo”, n.º 938, 30 xuño 2019, pp. 6-7.

Con motivo da publicación do libro de Luis Rendules, *Los ratones de Dios*, inspirada no roubo do *Códice Calixtino*, lembra a desaparición deste da catedral de Santiago de Compostela en xullo de 2011 a mans do electricista do templo.

Porto, H. J., “Galicia acollerá por primeira vez o Códice Calixtino do Vaticano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xuño 2019, p. 42.

Unha exposición reunirá o Cancioneiro da Biblioteca Vaticana e o Códice Calixtino, que viaxarán dende Roma a Galicia por primeira vez, como inicio da celebración do Xacobeo 2021. Achega información sobre o Códice Calixtino Vaticano, explicando algunhas diferenzas que ten co galego.

R. L., “Los peregrinos recogían en Triacastela las piedras para la catedral de Santiago”, *El Progreso*, “Rutas xacobeas”, 18 maio 2019, p. 38.

Explica como no Códice Calixtino figura que os peregrinos que pasaban polo camiño francés, unha vez en Triacastela, collían unha pedra da canteira para poder construír a Catedral de Santiago. Este curioso costume data do 1130, cando a Catedral aínda estaba en construción.

Tenreiro, Lucía, “Betanzos convierte a María Balteira en la guía de la Feira Franca Medieval del 800 aniversario”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, 11 xullo 2019, p. 16.

Betanzos organiza a Feira Franca Medieval marcada pola celebración do oitavo centenario e a incorporación de escenas “sorpresivas” da man de Maria Balteira, soldadeira da corte de Alfonso X.

Santamaría, Uxío, “Dos valiosos ‘códices’ del vaticano serán invitados de honor en el Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 xuño 2019, p. 20.

Achega información sobre os dous Códices do Vaticano que chegan a Galicia pola exposición do programa Xacobeo 2021 no Museo Centro Gaiás, centrándose no Códice Calixtino.

Villar, M., “Armea, berce da lírica medieval”, *La Opinión*, “Sada. Betanzos”, 28 xuño 2019, p. 18.

Na parroquia de Armea, en Coirós, naceron dúas figuras importantes para a literatura galega: Pero de Armea e María Balteira (soldadeira), que formaron parte da Corte de Afonso X. O filólogo e profesor Alberto Barreiro explica o seu estudo sobre estes dous personaxes.